


CULTURA



Un momento do recital poético-musical co que se clausurou o encontro de novos escritores, onte na Fundación Luis Seoane

AMADOR LORENZO

REMATA O IV ENCONTRO DE NOVOS ESCRITORES, CUNHA MESA REDONDA SOBRE O PESO DA NACIÓN NA LITERATURA

Sechu Sende: “O futuro do galego será neofalante, ou non será”

María Lado e Estíbaliz Espinosa coinciden en que a escolla dunha lingua para escribir xa é unha decisión política

A. LOSADA

GALICIA

a.losada@xornaldeg Galicia.com

Dio o tópico que os escritores de agora non son tan comprometidos coma os de antes, pero autores de hoxe con aproximacións literarias ben distintas, María Lado (Cee, A Coruña, 1979), Sechu Sende (Padrón, A Coruña, 1972), e Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974) coincidiron onte en que o simple feito de escoller unha lingua minorizada coma o galego para expresarse xa é un posicionamento político do que non se pode fuxir, aínda que se quixera.

A mesa redonda *Opeso danación*, formada por estes tres autores e moderada por Francisco Castro, foi a derradeira do IV Encontro de Novos Escritores que baixo o epígrafe *Eu ou Nós?* celebrouse nesta fin de semana no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Espinosa, Lado e Sende tentaron responder a pregunta que lles fixo o moderador ao comezo “ata que

A AUTOEDICIÓN, OUTRA VÍA DE SAÍDA

A xornada de onte no Encontro de Novos Escritores comezou cunha mesa redonda dedicada a *(Auto)edición: a mirada do libro de autor*, coordinada por Antía Otero. Nela, Baldo Ramos falou das súas experiencias como confeccionador de libros de artista, nos que mestura a obra escrita, a súa poesía, con aspectos máis visuais, máis gráficos, á vez que analizou as posibilidades e limitacións que teñen este tipo de obras. Pola súa banda, a diseñadora gráfica Uqui

Permui, ademais de dar conta do seu Proxecto-Edición e de Entrecruzar, e doutros exemplos de edición máis recentes como o libro de artista de Carme Nogueira, ou o magazine *0032*, defendeu as posibilidades para a autoedición, afirmando que a simple fotocopia pode ser, como ten demostrado, subversiva e unha excelente canle de comunicación. Sinalou a importancia e crecemento que están tendo as “edicións alternativas”, grazas as posibilidades da rede.

punto é necesario que a nación se agoche detrás de cada verso”.

Eno contexto actual, de constante perda de falantes, Sende fixo unha rotunda profecía: “O futuro será neofalante, ou non será”. O autor de *Made in Galiza* lembrou que el era castelánfalante, “porque pensaba que estaba ben non ser demasiado galego”, pero logo tomou conciencia da necesidade de “non ser coma un cultivo hidropónico, no que as raíces non tocan a terra” e animouse primeiro a escribir e logo a falar en galego. “De que uns cantos milleiros de persoas cheguen a ese mesmo

entendemento depende o futuro da nosa lingua”, dixo. Tamén pediu a fin das leas ortográficas entre reintegracionistas e isolacionistas, “porque é o momento de respectar a todos os que traballen polo galego”.

María Lado sinalou que a literatura galega é inseparable da idea de compromiso, da percepción de ter unha cultura propia e diferente. Se iso non existise, ninguén tería necesidade de escribir unha soa palabra en galego. Porén, engade que: “Cando chegamos os da miña xeración, xa se remataran as croquetas que fixeron coa momia de Cas-

telao —en referencia á falcatrada que propón Suso de Toro en *Polaroid*—. Non sentimos a necesidade de ter un compromiso político tan evidente coma ‘os de antes’, e fuximos da patria coma da morte”.

Para a autora de *Berlin* iso non significa que o compromiso existía pero pasaba por ter “unha lingua normalizada e normal, coa que se podía facer calquera cousa nunha nación normalizada e normal”. Foi un cambio no sistema literario que reflectiu unha nova forma de ver as cousas na sociedade, “proba de que o ecosistema das letras galegas está vivo”. Aínda así, Lado prevé unha nova mudanza causada por “Galicia Bilingüe, un país imaxinario no que os castelánfalantes están discriminados”, xa que lles pode amosar aos escritores que volve ser necesario defender a lingua de xeito activo.

Estíbaliz Espinosa, pola súa banda, situou a súa postura nun punto medio entre a convicción de que “se esquecemos o que somos, devimos en calquera” e o feito de que “un compromiso político demasiado explícito, aínda que sexa afín, estraga a literatura”. Polo tanto, a autora de *Pan (libro de ler e desler)*, explica que na súa literatura o concepto de nación “é como a materia escura que move a nave de Futurama, pequena e moi densa, imprescindible pero pouco evidente”. ■